



A proliferación de palmeiras no Val Miñor como ornamentación privada ou pública é abundosa. Dende xaneiro de 2013 a praga do picudo vermello as está a ameazar, infectar e estragar sen clemencia. Autoridades e expertos recoñecen as dificultades para combater esta praga unha vez que infecta un exemplar. Aínda máis evitar a propagación pola súa capacidade de desprazamento en voo.

A maiores os tratamentos ou erradicacións non son gratuítos, polo que á pegada medio ambiental hai que sumar o peso nos petos dos contribuíntes e nas economías dos propietarios particulares de palmeiras. Mais a “guerra” ao picudo está declarada, e tres consellos básicos se achegan dende todos os axentes implicados na causa: coñecer, detectar e informar.

A situación no Val Miñor.

A Xunta de Galicia seguindo a normativa da Unión Europea decretou unha primeira “zona infectada” de 1km de radio dende a Xunqueira a principios de 2013. Ampliada dende os seus límites noutros 10km como “zona tampón”. Todas elas obxecto dun plan intensivo de detección, control e erradicación da praga. Mais o picudo avanza, e a súa pegada na actualidade afecta a exemplares fóra destas zonas. O picudo vermello ten capacidade de voo, o que lle facilita desprazamentos de ata 5 km. Exemplares centenarios como os que se localizaban nas Escolas Proval xa foron vítimas da extensión da praga, e tiveron que cortarse.

VM.info consultou á Consellería de Medio Rural e do Mar sobre a última hora no control do picudo vermello na bisbarra, así como os pasos a seguir no control comunitario da praga.

Ten unha palmeira? Coñeza cales son as súas obrigas no caso de que lle ataque o picudo vermello?

Escrito por Campaña contra o picudo vermello
Martes, 02 Setembro 2014 11:59

VM.info - Que fago se teño o picudo nunha palmeira? - É obrigatorio chamar á Consellería de Medio Rural?

Medio Rural- *En caso de detectar o picudo nunha palmeira é obrigatorio notificalo á Consellería do Medio Rural e do Mar posto que se trata dun organismo de corentena. Os inspectores de sanidade vexetal pasaran a comprobar que se trata do organismo especificado e o nivel de danos que presenta a palmeira. Así mesmo, en función deste nivel de danos, recomendaranlle un tratamento para a loita e control do mesmo. En caso de que o nivel de afectación sexa elevado comunicaranlle que debe proceder á súa destrución.*

VM.info - Que pasa si xa non se pode salvar a palmeira?

MR - *En caso de que o nivel de danos sexa elevado e a palmeira non poida recuperarse deberán proceder á súa corta e destrución para evitar unha maior dispersión da praga.*

VM.info - Canto custa a tala e a xestión dos residuos? Que incidencias fan variar o prezo?

MR - *O custe da tala e destrución é bastante variable en función de: o tamaño da palmeira, a súa localización, principalmente se se atopan pegadas a casas, edificios, muros, etc que dificultan a súa corta e retirada. Algúns concellos están a colaborar nos traballos de retirada e xestión dos residuos, de forma que os propietarios só tiñan que realizar a corta das mesmas.*

VM.info - Teño obriga de chamar á Xunta en caso de ter picudo? - Que directiva me obriga?

MR - *Posto que se trata dun organismo de corentena, o propietario ten a obriga de comunicar a presenza deste organismo nocivo ou dos seus síntomas as autoridades competentes en Sanidade Vexetal. Este organismo está regulado polas seguintes Decisións comunitarias:*

- *Decisión 2007/365/CE, da Comisión, de 25 de maio de 2007, pola que se adoptan medidas de emerxencia para evitar a introdución e propagación na Comunidade de *Rhynchophorus ferrugineus* (Olivier).*
- *Decisión 2010/467/UE, da Comisión, de 17 de agosto de 2010, pola que se modifica a Decisión 2007/365/CE no que se refire ás plantas sensibles e ás medidas que deben tomarse si se detecta *Rhynchophorus ferrugineus* (Olivier).*

As obrigas dos propietarios recóllense na Lei 43/2002, de 20 de novembro de sanidade vexetal.

VM.info - Por que non podo chamar á miña empresa de xardinería ou unha empresa de xestión de residuos da miña confianza?

Ten unha palmeira? Coñeza cales son as súas obrigas no caso de que lle ataque o picudo vermello?

Escrito por Campaña contra o picudo vermello
Martes, 02 Setembro 2014 11:59

MR -Realizáronse dúas xornadas formativas sobre o picudo vermello e os métodos de control destinadas principalmente a empresas de xardinería, co cal as empresas de xardinería poderán recomendarlle tratamentos e realizarlle a xestión dos residuos dunha forma axeitada e pode contactar con eles para realizar estes traballos, pero isto non exclúe a obrigación de notificar a presenza da praga os organismos competentes en sanidade vexetal.

VM.info - Que pasa se non trato o picudo? Pódenme obrigar?

MR -Posto que se trata dun organismo de corentena e en base á Decisión Comunitaria e á Lei de Sanidade Vexetal, a Consellería do Medio Rural e do Mar pode obrigar a tomar as medidas máis axeitadas para a loita contra a praga e para evitar a súa dispersión.

VM.info - A venda de palmeiras está prohibida?

MR - Non está prohibida a venda de palmeiras. Unicamente está prohibida, por requisito legal, nos viveiros localizados dentro da zona demarcada, pero dende a Consellería do Medio Rural e do Mar queremos subliñar que nas inspeccións levadas a cabo nestes viveiros no 2014 non se detectou ningún positivo.

VM.info - Os plans de 2013 seguen vixentes ou hai un plan máis recente?

MR - Nestes momentos continúa vixente o Plan de Acción 2013 e estanse realizando as prospeccións correspondentes ao ano en curso. En base aos resultados destas prospeccións oficiais actualízase o Plan de Acción para a erradicación do picudo vermello.

VM.info - Fíxose un censo da zona infestada e controis nesa zona? Hai datos?

MR - Si. Realizouse un censo de palmeiras identificadas mediante foto localización en toda a zona demarcada que se está a actualizar nestes intres. A totalidade da zona demarcada está inspeccionada, identificáronse palmeiras afectadas que recibiron tratamento fitosanitario ou foron destruídas e eliminadas segundo o nivel de afectación. Realizáronse campañas de divulgación da praga e dúas xornadas técnicas no Val Miñor (Gondomar) sobre identificación e métodos de loita e control contra o picudo vermello.

Como é o picudo vermello

Ten unha palmeira? Coñeza cales son as súas obrigas no caso de que lle ataque o picudo vermello?

Escrito por Campaña contra o picudo vermello
Martes, 02 Setembro 2014 11:59

O picudo vermello (*Rhynchophorus ferrugineus*) se aloxa e desenvolve no interior das palmeiras e pode coexistir ao mesmo tempo en catro estados: ovo, larva, pupa e adulto. Unha femia pode depositar de 300 a 400 ovos que nunha zona o Val Miñor poden eclosionar en 3 ou 5 días, segundo os instrutivos da Consellaría de Medio Rural. O ciclo completo de ovo a adulto necesitará de entre 3 a 4 meses, presentando unha media de tres xeracións ao ano, segundo a mesma documentación.

Como decatar dunha palmeira infectada

{youtube}1R5FIO-MEIU{/youtube}

Os danos orixinados polo picudo son producidos polas larvas ao alimentarse no interior da palmeira. Os síntomas visibles non aparecen ata pasados varios meses dende a colonización do exemplar. En moitas ocasións isto sucede cando este xa se atopa nun estado avanzado de infestación. En todo caso, calquera dúbida sobre o estado dun exemplar debe ser consultada ante un especialista fitosanitario .

Documento do plan de continxencia do picudo vermello *Rhynchophorus ferrugineus* da Xunta de Galicia. □ Recomendacións de tratamentos fitosanitarios para o control do picudo vermello das palmeiras.

Opcións de lectura e descarga do documento

[Ver en ISSUU](#) | [Ver en SLIDESHARE](#) | [Descargar en PDF](#) (2,6 MB)

Ten unha palmeira? Coñeza cales son as súas obrigas no caso de que lle ataque o picudo vermello?

Escrito por Campaña contra o picudo vermello
Martes, 02 Setembro 2014 11:59



PARA MÁS INFORMACIÓN, AYUDA, NO VALIÉNDOSE EN MIÑO RaMio@picudo@gmail.com